CONCELLO DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

ANUNCIO

O día 17-11-2026, ditouse a resolución con número 763/2026:

"**RESOLUCIÓN**

EXPEDIENTE: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA - CONSERXE, PERSOAL CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL PARA O CEIP Nº 3 MESTRE PASTOR BARRAL DE MELIDE, CÓDIGO POSTO 04.04.04

EXPEDIENTE: 2026/E002/000014

ANTECEDENTES:

Logo de ver a comunicación de resolución de xubilación do Instituto Nacional da Seguridade Social de Juan Manuel C. S. con DNI nº ***1574**, ordenanza – conserxe do CEIP nº 3 Mestre Pastor Barral de Melide (código do posto 04.04.04): "*El Instituto Nacional de la Seguridad Social ha resuelto reconocer una prestación de Jubilación con fecha de resolución 08-07-2026 a D. JUAN MANUEL CARDELLE SEGADE con NAF 15-00703435-64 trabajador de su empresa. Se informa que la prestación de Jubilación tiene fecha de efectos económicos 03-07-2026 . Próximamente nuestra Dirección Provincial notificará la resolución adoptada al interesado".*

Logo de ver o Informe de situación de baixa no réxime xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social de data 30 de xullo de 2026, no que se recoñece, a baixa de Juan Manuel C. S con data de efectos do 02.07.2026, constando como causa da baixa "BAJA PASE PENSIONISTA".

Logo de ver o Informe proposta da concelleira da Área de Cultura e Deporte de data 27.08.2026: "*PROPOÑO*
A creación dunha bolsa de emprego para a cobertura laboral temporal de prazas de persoal laboral ORDENANZA-CONSERXE (códigos postos: 04.04.03 e 04.04.04) nos supostos contemplados na disposición adicional cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, así como para as situacións previstas para a contratación laboral de duración determinada do artigo 15 no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
E, unha vez creada, proceder ao nomeamento, mediante o chamamento a través da bolsa de traballo dun ordenanza-conserxe (CEIP nº 3 Mestre Pastor Barral de Melide, código posto 04.04.04) de conformidade co establecido na disposición adicional 4ª do Real Decreto Lei 32/2021, do 18 de decembro. A contratación estenderase até a cobertura definitiva da praza a través do proceso selectivo correspondente co límite máximo absoluto de 3 anos desde a súa sinatura.".

Logo de ver as "BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA–CONSERXE, PERSOAL CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL" asinada pola Alcaldía en data 27/08/2026.

Logo de ver a acta publicada na sede electrónica o 06/11/2026 co resultado final da Comisión Seleccionadora para a creación dunha bolsa de emprego de ordenanza – conserxe, persoal laboral.

Logo de ver o decreto da Alcaldía núm. 746/2026 de data 10/11/2026, asunto "*PROVIDENCIA PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: aSMzzeM8ewr+zS7pPgcK Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

ORDENANZA - CONSERXE, PERSOAL CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL", no que se acorda: "*PRIMEIRO: aprobar a seguinte bolsa de emprego de Ordenanza-Conserxe, persoal laboral temporal:*

POSTO	*NOME*
1º	*RUBÉN R. N.*
2º	*ÁNGEL C. S.*
3º	*MARÍA F. F.*
4º	*MIRAN P. O.*
5º	*ÓSCAR L. P.*

(...)".

Logo de ver o Certificado de existencia de crédito Ref. 548/2026: *"(...) CERTIFICO:*
Que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2026, que é o prorrogado do exercicio 2025, para facer fronte ao gasto derivado do CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA - CONSERXE, PERSOAL CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL para o CEIP nº 3 Mestre Pastor Barral de Melide, código posto 04.04.04 na bolsa de vinculación xurídica (3-1) con cargo ás aplicacións orzamentarias 334/131.00 e 334/160.00.
A consignación orzamentaria para os exercicios 2027 e seguintes queda supeditada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos dos exercicios correspondentes."

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 11/11/2026 e asunto: "CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA - CONSERXE, PERSOAL CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL. EXPEDIENTE: 2026/E002/000014", no que di: "*INFÓRMASE FAVORABLEMENTE, ao chamamento, a través da bolsa de emprego de ordenanza–conserxe, persoal con carácter laboral temporal, para cubrir a vacante de conformidade co establecido na disposición adicional 4ª do Real Decreto Lei 32/2021, do 18 de decembro, seguindo o procedemento establecido no apartado 7 das bases. A contratación estenderase até a cobertura definitiva da praza a través do proceso selectivo correspondente co límite máximo absoluto de 3 anos desde a súa sinatura. Informe que non é vinculante e, en consecuencia, o órgano competente, co seu mellor criterio, decidirá*.".

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: tendo en conta a urxencia da contratación, proceder ao chamamento a través da bolsa de emprego de ordenanza – conserxe, persoal laboral, para o CEIP nº 3 Mestre Pastor Barral de Melide, código posto 04.04.04 a Rubén N. R. con DNI ***9950**, quen deberá manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá así mesmo presentar a seguinte documentación sinalada na base 3 e 8 no prazo de 4 días hábiles dende a recepción da notificación.

a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de NACIONALIDADE (DNI ou equivalente, salvo no caso de DNI ou pasaporte sen oposición a súa consulta polo Concello de Melide) e TITULACIÓN; da documentación acreditativa de ter superados os estudios conducentes a obtención do certificado CELGA 1, así como dos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: aSMzzeM8ewr+zS7pPgcK Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos MÉRITOS alegados e valorados. No caso de terse presentado xa coa instancia o orixinal ou fotocopia compulsada desta documentación non deberá achegarse novamente, sendo suficiente que así se indique neste trámite mediante escrito.

b) Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (ANEXO III)

c) Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade (ANEXO III).

d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatíbel co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

e) Certificado de antecedentes penais negativo específico sobre delitos sexuais

Se dentro do prazo fixado, excepto casos de forza maior, non presenta a documentación ou do exame desta se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados nas bases da convocatoria non poderá ser nomeado e ficarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que, de ser o caso, podería ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

SEGUNDO: notificar o presente acordo ao interesado.

TERCEIRO: publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, martes 17 de novembro de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria en réxime de acumulación da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / Angela María Viqueira Allo.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, martes 17 de novembro de 2026.

Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: aSMzzeM8ewr+zS7pPgcK Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/